



CONCELLO DE PONTECESO
 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL O DÍA 27-01-2020

No salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso (A Coruña) ás 20 horas do día 27 de xaneiro de 2020, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno municipal, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D. Miguel Ángel González Gómez.

D^a. Raquel Fondo Pérez

D. Faustino Santiago Lema

D^a. Noelia María Varela Suárez

D^a. Ana Pérez Imia

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D^a. María Teresa Chouciño Calvete

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar

D. Jesús Daniel García Cotelo.

D^a. Beatriz Martínez Calvo

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

D. Marco Antonio Varela Vidal

SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES.-

SECRETARIO ACCIDENTAL: D. EMILIO CAÍNZOS QUINTÁS

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e pide a palabra o Sr. Pose, voceiro do G.M. de APIN, e manifesta que dado o acontecemento de violencia de xénero que ocasionou o falecemento dunha muller en A Pastoriza solicita un minuto de silencio antes de dar comezo o Pleno, o Sr. Alcalde manifesta a súa conformidade e expresa que a concelleira do seu grupo a Sra. Varela Suárez iba facer a mesma petición, polo que roga a concelleiros e público que garden o minuto de silencio pola vítima da violencia de xénero de A Pastoriza. A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1º. APROBACIÓN ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.-

Correspondente á sesión do Pleno celebrada o día **17-12-2019**, ordinaria. En primeiro lugar polo secretario expónse que logo de ver o acordo do Pleno ordinario celebrado o día 17-12-2019 en relación ao POS+2020, e constatar que se produciu un erro de feito no punto 2º, Plan Complementario, na obra "Mellora do acceso a Limiñoa e outros" no que consta un orzamento total de 267.821,40 €, cando en realidade debiera ser o que consta no proxecto orixinal da mesma que ascende á contía de 266.097,82 €, polo que, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cómpre proceder á rectificación dos erros existentes, e así elévase ao Pleno a proposta de rectificación do erro padecido no punto 2º do acordo adoptado de aprobación do POS+2020,



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

onde dí ""Mellora do acceso a Limiñoa e outros" no que consta un orzamento total de 267.821,40", deberá dicir "Mellora do acceso a Limiñoa e outros" orzamento total de 266.097,82 €".

En cumprimento do disposto no art. 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, o Presidente pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás actas anteriores, e ao non formularse ningunha, o Pleno, por unanimidade, acorda proceder á rectificación do erro padecido e aprobar a acta do Pleno de 17-12-2019, polo que o teor literal do acordo do punto 4º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2020, é o seguinte:

"1º.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020", "achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores			
Subtotal pago a provedores			

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	229.253,43 €
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
Subtotal gasto corrente	229.253,43 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Subtotal investimentos achega provincial 2020			

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Mellora entorno local social de Tella e outros	55.481,42 €		55.481,42 €
Subtotal investimentos achega provincial 2019	55.481,42 €		55.481,42 €



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Denominación da obra ou subministración	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Mellora viario núcleo de Niñóns e outros	209.363,86 €		209.363,86 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2020	209.363,86 €		209.363,86 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019			
	Achega 2020			
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020	229.253,43 €		229.253,43 €
	Achega 2019 (Excep. Base 2.2)			
C- INVESTIMENTOS	Achega 2020			
	Achega 2019	55.481,42 €		55.481,42 €
	Préstamo 2020	209.363,86 €		209.363,86 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020			
TOTAL	Achega 2020	229.253,43 €		229.253,43 €
	Achega 2019	55.481,42 €		55.481,42 €



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

	Préstamo 2020	209.363,86 €		209.363,86 €
	TOTAL	494.098,71 €		494.098,71 €

2º.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Mellora acceso a Limiñoa e outros	266.097,82 €
Mellora dos camiños do núcleo de Ánxeles	85.399,28 €
TOTAIS	351.497,10€

3º.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5º.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7º.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8º.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta das resolucións e decretos ditados pola Alcaldía dende a última que se dou conta ao Pleno e que son as seguintes: Desde a núm. **749/2019** do 20-11-2019, ata a **37/2020**, do 20-01-2020, cuxas copias foron postas a dispor dos concelleiros dende a convocatoria da sesión, e que se incorporan ao expediente. Os membros do Pleno dánse por enterados.



3º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE PONTECESO AO PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA FOMENTAR A IMPLANTACIÓN E FIXACIÓN DE EMPRESAS EN GALICIA MEDIANTE A CREACIÓN DA INICIATIVA "CONCELLOS DOING BUSINESS GALICIA".

O 10.10.2017 asinouse o Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia". O obxecto deste Protocolo de actuación é establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Para que os concellos se poidan adherir a este Protocolo, o cal foi modificado pola Addenda de 13.12.2017, é preciso que, previamente, adopten os seguintes compromisos sendo que os de carácter fiscal os deben manter, cando menos, durante tres exercicios orzamentarias:

1.- Establecer unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do IBI, IAE e ICIO a favor, respectivamente, dos inmobles, actividades económicas e construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.

2.- En relación á taxa pola prestación de servizos urbanísticos ou equivalente e á taxa por apertura de establecementos, os concellos voluntariamente poderán establecer os beneficios fiscais que sexan aplicables ou ben aprobar mediante acordo plenario a non suxección ás citadas taxas dos autónomos ou empresas que soliciten a verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a apliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica da incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

3.- Resolver as solicitudes de licenza de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.

4.- Para aqueles concellos que sexan titulares de solo empresarial, se deben fixar precios competitivos das parcelas establecendo bonificacións sobre os mesmos que variarán segundo a zona do territorio onde estean ubicados.

A cambio, os concellos que se adhiran á iniciativa Doing Business veranse beneficiados das diferentes medidas promovidas pola Xunta de Galicia para alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se detallan na cláusula Terceira- das do Protocolo.

O secretario e a interventora informaron o 16.01.2020.

É interese da Alcaldía que o Concello de Ponteceso se adhira á iniciativa Doing Business dado que é unha oportunidade para atraer investimento, crear emprego e dinamizar a actividade económica do Concello de Ponteceso,



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 22-01-2020 ditaminou en sentido favorable a proposta de acordo.

Por todo o anterior PROPOÑO ao Pleno:

Primeiro.- A aprobación da adhesión do Concello de Ponteceso ao Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Segundo.- Adoptar o compromiso de establecer unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do IBI, IAE e ICIO a favor, respectivamente, dos inmobles, actividades económicas e construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo

Terceiro.- Adoptar o compromiso de resolver as solicitudes de licenza de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os informes sectoriais preceptivos.

Cuarto.- Adoptar o compromiso de fixar precios competitivos das parcelas de solo empresarial de que sexa titular o Concello de Ponteceso.

Quinto.- Comunicar o presente acordo á FEGAMP aos efectos oportunos.

O Sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere facer uso da palabra, e o Sr. García Cotelo, voceiro do G.M. do P.P., manifesta que o seu grupo vai vota a favor e xa se ve que a Xunta de Galicia tamén inviste nos concellos.

O Sr. Pose Verdes, voceiro do G.M. de APIN, manifesta que o seu grupo vai votar a favor.

O Sr. Alcalde agradece o apoio dos grupos a esta proposta de acordo, e dille ao Sr. García Cotelo que nesta iniciativa a Xunta de Galicia non inviste nin un euro, que son os concellos coa perda de ingresos quen a financian e

Sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), a totalidade dos concelleiros/as da Corporación.

Votos en contra: --

Abstencións: --

Polo que o Pleno, por unanimidade, maioría absoluta, ACORDA:

Primeiro.- A aprobación da adhesión do Concello de Ponteceso ao Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de

Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Segundo.- Adoptar o compromiso de establecer unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do IBI, IAE e ICIO a favor, respectivamente, dos inmobles, actividades económicas e construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo

Terceiro.- Adoptar o compromiso de resolver as solicitudes de licenza de obra maior nas que o petionario sexa unha empresa ou autónomo para a construción dunha edificación destinada á primeira implantación dunha actividade, nun prazo máximo de 30 días naturais dende que o concello dispón da documentación completa e de todos os infomes sectoriais preceptivos.

Cuarto.- Adoptar o compromiso de fixar precios competitivos das parcelas de solo empresarial de que sexa titular o Concello de Ponteceso.

Quinto.- Comunicar o presente acordo á FEGAMP aos efectos oportunos.

Na convocatoria aparece na orde do día incluído no punto 3, o apartado b, en relación á proposta de acordo de Declaración do ano 2020 como Internacional do Almirante Mourelle, a sobredita proposta foi enviada aos señores concelleiros xunto coa convocatoria da Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 22-1-2020, como nesa comisión, por omisión non se tratou e ditaminou, corresponde, se é o caso, tratala a continuación das mocións, e así será tratada como proposta de acordo sen ditaminar, unha vez que o Pleno se pronuncie sobre a súa urxencia.

4º.- PROPOSTA ACORDO DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeles. Doing bussines: bonificación a que se refire o artigo 74.2. quarter prevista no RDL 2/2004, de 5 de marzo. Expediente tedec: 2020/X999/000009

O 10.10.2017 asinouse o Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia". O obxecto deste Protocolo de actuación é establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Para que os concellos se poidan adherir a este Protocolo, o cal foi modificado pola Addenda de 13.12.2017, é preciso que, previamente, establezan unha **bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do IBI** a favor dos inmóbeles que sexan declarados de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.

A cambio, os concellos que se adhiran á iniciativa Doing Bussines veranse beneficiados das diferentes medidas promovidas pola Xunta de Galicia para alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se detallan na cláusula Terceira- das do Protocolo.

O 14.01.2019 dispuxen que se iniciase o expediente para a adhesión do Concello de Ponteceso ao Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Asemade, o 15.01.2020 dispuxen a incoación do expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeles .

A interventora informou o 15.01.2020 coas seguintes conclusións:

“ ..



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

*En base a todo o exposto ata o momento no presente informe, **FISCALIZO DE DISCONFORMIDADE** o expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles porque dada a vixencia do Plan de Axuste e Plan Económico-Financiero aprobados, respectivamente, o 28.03.2012 e o 07.05.2019, non é posible a introducción da bonificación prevista no artigo 74.2.quarter da RDL 2/2004 de 5 de marzo, dado o seu carácter potestativo.*

...

Esta alcaldía considera que a pesar da vixencia do Plan de Axuste e do Plan Económico-Financiero ao que se refire a interventora no seu informe de 14.01.2020, o impacto da medida na recadación do Imposto sobre Bens Inmóbles será mínimo e se verá compensado có incremento da recadación prevista noutros tributos como por exemplo, na taxa de recollida de lixo ou na taxa de abastecemento de auga, saneamento e sumidoiros.

Asemade, o artigo 7.c) da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia dispón que no exercicio das súas competencias relacionadas coa implantación de iniciativas empresariais, os concellos, en coordinación coa Administración xeral da Comunidade Autónoma racionalizarán o sistema tributario municipal para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, coa previsión dos oportunos incentivos fiscais.

Polo exposto PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobado a modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles nos seguintes termos:

a) Se engade o apartado 6 ao artigo 9º :

“6. Terán dereito a unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto os inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento da citada bonificación, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros”

b) Se engade o apartado 3 á Disposición Final:

“3. O Pleno do Concello aprobou engadir o apartado 6 ao artigo 9 na sesión do 27.01.2020. Esta modificación entrará en vigor e será de aplicación ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

2º.- De conformidade có previsto nos artigos 17.1 e 17.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, publicar no BOP e no tablón de edictos do concello anuncio relativo ao presente acordo para que que poida ser examinado polos interesados aos que se refire o artigo 18 do mesmo texto legal durante un prazo de trinta días hábiles.

3º.- Unha vez rematado o período de exposición pública, resolver as reclamacións que, no seu caso, se presenten adoptando o acordo que proceda. O expediente completo de referencia considerarase sobre Bens Inmóbles será mínimo e se verá compensado có incremento da recadación prevista noutros tributos como por exemplo, na taxa de recollida de lixo ou na taxa de abastecemento de auga, saneamento e sumidoiros. Asemade, o artigo 7.c) da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia dispón que no exercicio das súas competencias relacionadas coa implantación de iniciativas empresariais, os concellos, en coordinación coa Administración xeral da Comunidade Autónoma racionalizarán o sistema tributario municipal para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, coa previsión dos oportunos incentivos fiscais.

A Comisión Especial de Contas, na reunión celebrada o día 22-01-2020 ditaminou en sentido favorable a proposta de acordo.



CONCELLO DE PONTECESO
 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

O Sr. Alcalde pregunta se algún voceiro quere intervir, e pide a palabra o Sr. Pose, de APIN, e manifesta que é unha medida populista, gostaríanos que nos explicara cómo podemos facer para que veña unha empresa e cree os 20 postos de traballo, coa redución do IBI non virán, non será suficiente. Deberíamos traer mocións para rebaixar o IBI para todos os veciños. O noso grupo vai votar a favor, pero gostaríanos que vostede e o seu grupo acolleran así as nosas iniciativas.

Sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:
 Votos a favor: Trece (13) a totalidade dos concelleiros/as da Corporación.
 Votos en contra: --
 Abstencións: --

Polo que o Pleno da Corporación, por unanimidade, maioría absoluta, ACORDA:

1º.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles nos seguintes termos:

a) Se engade o apartado 6 ao artigo 9º :

“6. Terán dereito a unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto os inmóbles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida, que será de aplicación únicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- *Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo*
- *Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.*
- *Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento da citada bonificación, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros”

b) Se engade o apartado 3 á Disposición Final:

“3. O Pleno do Concello aprobou engadir o apartado 6 ao artigo 9 na sesión do 27.01.2020. Esta modificación entrará en vigor e será de aplicación ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

2º.- De conformidade có previsto nos artigos 17.1 e 17.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, publicar no BOP e no tablón de edictos do concello anuncio relativo ao presente acordo para que que poida ser examinado polos interesados aos que se refire o artigo 18 do mesmo texto legal durante un prazo de trinta días hábiles.

3º.- Unha vez rematado o período de exposición pública, resolver as reclamacións que, no seu caso, se presenten adoptando o acordo que proceda. O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar un novo acordo no caso de que, tal e como dispón o artigo 17.3 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, non se presenten reclamacións.

4º.- Publicar, ao abeiro do artigo 17.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, o acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles no BOP.

5º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN da modificación da ordenanza fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Contruccións, Intalacións e Obras. Concellos Doing Business Galicia: bonificación a que se refire o artigo 103.2a) prevista no RDL 2/2004, de 5 de marzo. Expediente tedec: 2020/X999/000011.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

O 10.10.2017 asinouse o Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia". O obxecto deste Protocolo de actuación é establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Para que os concellos se poidan adherir a este Protocolo, o cal foi modificado pola Addenda de 13.12.2017, é preciso que, previamente, adopten o compromiso de establecer unha **bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do ICIO** a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Esta medida, que se deberá manter durante un mínimo de tres exercicios orzamentarios, será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.

A cambio, os concellos que se adhiran á iniciativa Doing Bussines veranse beneficiados das diferentes medidas promovidas pola Xunta de Galicia para alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se detallan na cláusula Terceira- das do Protocolo.

O 14.01.2019 dispuxen que se iniciase o expediente para a adhesión do Concello de Ponteceso ao Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Asemade, o 15.01.2020 dispuxen a incoación do expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras .

A interventora informou o 15.01.2020 coas seguintes conclusións:

"...

En base a todo o exposto ata o momento no presente informe, FISCALIZO DE DISCONFORMIDADE o expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras porque dada a vixencia do Plan de Axuste e Plan Económico-Financiero aprobados, respectivamente, o 28.03.2012 e o 07.05.2019, non é posible a introducción da bonificación prevista no artigo 103.2.a) da RDL 2/2004 de 5 de marzo, dado o seu carácter potestativo. ..."

Esta alcaldía considera que a pesar da vixencia do Plan de Axuste e do Plan Económico-Financiero ao que se refire a interventora no seu informe de 14.01.2020, o impacto da medida na recadación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras será mínimo e se verá compensado có incremento da recadación prevista en outros tributos como por exemplo, na taxa de recollida de lixo ou na taxa de abastecemento de auga, saneamento e sumidoiros.

Asemade, o artigo 7.c) da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia dispón que no exercicio das súas competencias relacionadas coa implantación de iniciativas empresariais, os concellos, en coordinación coa Administración xeral da Comunidade Autónoma racionalizarán o sistema tributario municipal para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, coa previsión dos oportunos incentivos fiscais.

Polo exposto PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras nos seguintes termos:

a) Se engade o apartado c ao apartado 2 do artigo 5º :

"c) Terán dereito a unha bonificación de ata o 95 por cento na cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación no momento da solicitude de licenza ou presentación da declaración responsable ou comunicación previa, achegando un compromiso do número dos novos postos de traballo que se vaian crear.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada ante os servizos urbanísticos no prazo máximo de 1 mes dende o outorgamento da licenza de primeira ocupación coa presentación dos contratos de traballo e as altas na seguridade social dos novos postos de traballo creados. No caso de comunicación previa ou declaración responsable, este prazo computarase dende a data que o beneficiario sinala como de finalización das obras na súa declaración ou comunicación. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

Corresponde ao Pleno do Concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento das anteriores bonificacións, que se acordará previa solicitude do interesado, presentada con anterioridade á realización do feito impositivo

b) Se engade o apartado 2 á Disposición Final:

"2. O Pleno do Concello aprobou engadir o apartado c ao apartado 2 do artigo 5 na sesión do 27.01.2020. Esta modificación entrará en vigor e será de aplicación ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

2º.- De conformidade co previsto nos artigos 17.1 e 17.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, publicar no BOP e no tablón de edictos do concello anuncio relativo ao presente acordo para que poida ser examinado polos interesados aos que se refire o artigo 18 do mesmo texto legal durante un prazo de trinta días hábiles.

3º.- Unha vez rematado o período de exposición pública, resolver as reclamacións que, no seu caso, se presenten adoptando o acordo que proceda. O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar un novo acordo no caso de que, tal e como dispón o artigo 17.3 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, non se presenten reclamacións.

4º.- Publicar, ao abeiro do artigo 17.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, o acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no BOP.

A Comisión Especial de Contas, na reunión celebrada o día 22-01-2020 ditaminou en sentido favorable a proposta de acordo.

O Sr. Alcalde pregunta se algún voceiro quere intervir, e ao non haber intervencións sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), a totalidade dos concelleiros/as da Corporación.

Votos en contra:---

Abstencións: ---

Polo que, o Pleno, por unanimidade, maioría absoluta, ACORDA:

1º.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras nos seguintes termos:

a) Se engade o apartado c ao apartado 2 do artigo 5º :

"c) Terán dereito a unha bonificación de ata o 95 por cento na cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

- *Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación no momento da solicitude de licenza ou presentación da declaración responsable ou comunicación previa, achegando un compromiso do número dos novos postos de traballo que se vaian crear.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada ante os servizos urbanísticos no prazo máximo de 1 mes dende o outorgamento da licenza de primeira ocupación coa presentación dos contratos de traballo e as altas na seguridade social dos novos postos de traballo creados. No caso de comunicación previa ou declaración responsable, este prazo computarase dende a data que o beneficiario sinale como de finalización das obras na súa declaración ou comunicación. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

Corresponde ao Pleno do Concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento das anteriores bonificacións, que se acordará previa solicitude do interesado, presentada con anterioridade é realización do feito imposable"

b) Se engade o apartado 2 á Disposición Final:

"2. O Pleno do Concello aprobou engadir o apartado c ao apartado 2 do artigo 5 na sesión do 27.01.2020. Esta modificación entrará en vigor e será de aplicación ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

2º.- De conformidade có previsto nos artigos 17.1 e 17.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, publicar no BOP e no tablón de edictos do concello anuncio relativo ao presente acordo para que que poida ser examinado polos interesados aos que se refire o artigo 18 do mesmo texto legal durante un prazo de trinta días hábiles.

3º.- Unha vez rematado o período de exposición pública, resolver as reclamacións que, no seu caso, se presenten adoptando o acordo que proceda. O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar un novo acordo no caso de que, tal e como dispón o artigo 17.3 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, non se presenten reclamacións.

4º.- Publicar, ao abeiro do artigo 17.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, o acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no BOP.

6º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 18, reguladora do Imposto sobre

Actividades Económicas. Concellos Doing Business Galicia: bonificación a que se refire o artigo 88.2.e) prevista no RDL 2/2004, de 5 de marzo. Expediente tedec: 2020/X999/000010.

O 10.10.2017 asinouse o Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia". O obxecto deste Protocolo de actuación é establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a posta en marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Para que os concellos se poidan adherir a este Protocolo, o cal foi modificado pola Addenda de 13.12.2017, é preciso que, previamente, adopten o compromiso de establecer unha **bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do IAE** a favor das actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Esta medida, que se deberá manter un mínimo de tres exercicios orzamentarios será de aplicación únicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.


CONCELLO DE PONTECESO

 Rúa Concello, 18
 15110 Ponteceso (A Coruña)

A cambio, os concellos que se adhiran á iniciativa Doing Bussines veranse beneficiados das diferentes medidas promovidas pola Xunta de Galicia para alcanzar o obxectivo de favorecer e fomentar a implantación de empresas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que se detallan na cláusula Terceira- das do Protocolo.

O 14.01.2019 dispuxen que se iniciase o expediente para a adhesión do Concello de Ponteceso ao Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia".

Asemade, o 15.01.2020 dispuxen a incoación do expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas .

A interventora informou o 15.01.2020 coas seguintes conclusións:

"...

En base a todo o exposto ata o momento no presente informe, FISCALIZO DE DISCONFORMIDADE o expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas porque dada a vixencia do Plan de Axuste e Plan Económico-Financiero aprobados, respectivamente, o 28.03.2012 e o 07.05.2019, non é posible a introducción da bonificación prevista no artigo 88.2.e) da RDL 2/2004 de 5 de marzo, dado o seu carácter potestativo.

..."

Esta alcaldía considera que a pesar da vixencia do Plan de Axuste e do Plan Económico-Financiero ao que se refire a interventora no seu informe de 14.01.2020, o impacto da medida na recadación do Imposto sobre Actividades Económicas será mínimo e se verá compensado có incremento da recadación prevista en outros tributos como por exemplo, na taxa de recollida de lixo ou na taxa de abastecemento de auga, saneamento e sumidoiros.

Asemade, o artigo 7.c) da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia dispón que no exercicio das súas competencias relacionadas coa implantación de iniciativas empresariais, os concellos, en coordinación coa Administración xeral da Comunidade Autónoma racionalizarán o sistema tributario municipal para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, coa previsión dos oportunos incentivos fiscais.

Polo exposto PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas nos seguintes termos:

a) Se engade o apartado 2 ao artigo 3º :

"2. Terán dereito a unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refire o apartado 1 deste artigo. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento da citada bonificación, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros"

b) Se engade o apartado 2 á Disposición Derradeira:

"2. O Pleno do Concello aprobou engadir o apartado 2 ao artigo 3 na sesión do 27.01.2020. Esta modificación entrará en vigor e será de aplicación ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

2º.- De conformidade có previsto nos artigos 17.1 e 17.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, publicar no BOP e no tablón de edictos do concello anuncio relativo



concello@ponteceso.r

Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail:

CIF: P1506900H
REL : 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

ao presente acordo para que que poida ser examinado polos interesados aos que se refire o artigo 18 do mesmo texto legal durante un prazo de trinta días hábiles.

3º.- Unha vez rematado o período de exposición pública, resolver as reclamacións que, no seu caso, se presenten adoptando o acordo que proceda. O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar un novo acordo no caso de que, tal e como dispón o artigo 17.3 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, non se presenten reclamacións.

4º.- Publicar, ao abeiro do artigo 17.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, o acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora do Imposto sobre sobre Actividades Económicas no BOP.

A Comisión Especial de Contas, na reunión celebrada o día 22-01-2020 ditaminou en sentido favorable a proposta de acordo.

O Sr. Alcalde pregunta se algún voceiro quere intervir, e ao non haber intervencións sométese a votación a proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), a totalidade dos concelleiros/as da Corporación.

Votos en contra: ---

Abstencións: ---

Polo que, o Pleno, por unanimidade, maioría absoluta, ACORDA:

1º.- Aprobar a modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas nos seguintes termos:

a) Se engade o apartado 2 ao artigo 3º :

"2. Terán dereito a unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refire o apartado 1 deste artigo. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo

- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento da citada bonificación, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros"

b) Se engade o apartado 2 á Disposición Derradeira:

"2. O Pleno do Concello aprobou engadir o apartado 2 ao artigo 3 na sesión do 27.01.2020. Esta modificación entrará en vigor e será de aplicación ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

2º.- De conformidade có previsto nos artigos 17.1 e 17.2 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, publicar no BOP e no tablón de edictos do concello anuncio relativo ao presente acordo para que que poida ser examinado polos interesados aos que se refire o artigo 18 do mesmo texto legal durante un prazo de trinta días hábiles.

3º.- Unha vez rematado o período de exposición pública, resolver as reclamacións que, no seu caso, se presenten adoptando o acordo que proceda. O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado sen necesidade de adoptar un novo acordo no caso de que, tal e como dispón o artigo 17.3 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, non se presenten reclamacións.

4º.- Publicar, ao abeiro do artigo 17.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, o acordo definitivo e o texto íntegro da modificación da ordenanza fiscal nº 18 reguladora do Imposto sobre sobre Actividades Económicas no BOP.



7º.- MOCIÓNS

O Sr. Alcalde, antes de pasar ao seguinte punto incluído na orde do día dá conta das mocións ao Pleno presentadas no rexistro municipal e que son as seguintes:

Rexistro de entrada núm. 20209990000083, do 27-01-2020.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA.-

O Grupo Municipal Popular no concello de Ponteceso con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de **MOCION**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que "tocaba en el año 2019" e que "ya se perdió esa oportunidad de poder resarcir", culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupuestos Generales del Estado.

Esta explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranse á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Ponteceso presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1º.- Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.

2º.- Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.

3º.- Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia.

Sométese a votación a urxencia da moción e proposta de acordo presentado co seguinte resultado:

Votos a favor: Cinco (5), os concelleiros/as do G.M. de P.P. e APIN.

Votos en contra: Oito (8), os concelleiros/as do G.M. do PSdeG-PSOE.

Abstencións: --

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, rexeita declarar a urxencia da moción e a súa inclusión na orde do día.



O Sr. Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algúnha outra moción ou asunto non incluído na orde do día e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

O Sr. Alcalde expón que na convocatoria aparece na orde do día incluído no punto 3, o apartado b, en relación á proposta de acordo de Declaración do ano 2020 como Bicentenario de Francisco Mourelle de la Rúa, Almirante Mourelle. a sobredita proposta foi enviada aos señores concelleiros xunto coa convocatoria da Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o día 22-1-2020, como nesa comisión, por omisión non se tratou e ditaminou, corresponde, se é o caso, tratala a continuación das mocións, e así será tratada como proposta de acordo sen ditaminar, pola via de urxencia, unha vez que o Pleno se pronuncie sobre a mesma.

Votos a favor: Dez (10), os concelleiros/as dos G.M. do PSdeG-PSOE e APIN.

Votos en contra: Dous (2), os concelleiros/as do G.M. de P.P., Sr. García Cotelo e Sra. Martínez Calvo.

Abstencións: Un (1), a concelleira do G.M. de P.P., Sra. Carrillo Aguiar.

Polo que, por maioría absoluta, o Pleno ratifica a súa urxencia, e a continuación inclúese na orde do día e débátese a mesma.

PROPOSTA DE ACORDO DECLARACIÓN DO ANO 2020 COMO BICENTENARIO DE FRANCISCO ANTONIO MOURELLE DE LA RÚA, ALMIRANTE MOURELLE

O 24 de maio de 2020 conmemórase o 200 aniversario do pasamento dun ilustre cormelán. Tal como recolle a rede, Francisco Antonio Mourelle da Rúa (San Adrián de Corme, Corme, provincia da Coruña, 17 de xullo de 1750 - Cádiz, 24 de maio de 1820), foi un oficial naval español que é lembrado por participar en varias expedicións que a Coroa española realizou nas costas de o Pacífico Norte desde a base de San Blas (México). Chegou ás costas de Alaska e efectuou varias viaxes a as Illas Filipinas. En 1781 chegou a Tonga e a ás Illas Salomón.

Mourelle serviu na Armada española en As Guayanas, en a illa Trinidad e nas Antillas antes de ser destinado na nova base naval de San Blas, México, en 1774. Uniuse á expedición de 1775 de Bruno de Heceta e Juan Francisco da Adega e Quadra, servindo en calidade de piloto de Quadra na goleta Sonora. O 29 de xullo, ao redor dos 49°N, a Sonora separouse da nave de Heceta, a Santiago. Heceta pronto regresou ao sur, mentres

que Quadra e Mourelle continuaron cara ao norte, chegando aos 58°30'N. Atoparon e ancoraron na baía de Bucareli. Logo navegaron cara ao sur, chegando a Monterrey, California, o 7 de outubro, e a San Blas o 20 de novembro de 1775.

O diario de Mourelle foi levado dalgunha maneira clandestinamente a Londres, onde foi traducido e publicado. O capitán James Cook fixo uso da información do diario de Mourelle durante as súas viaxes no Pacífico noroeste.

Mourelle novamente foi o piloto de Quadra, e o segundo ao mando da nave Favorita, durante a expedición de 1779 ao mando de Ignacio de Arteaga. Saíndo de San Blas o 11 de febreiro de 1779, a expedición chegou aos 61°N e a illa de Hinchinbrook, na boca de o golfo de Alaska. Desde alí navegaron ao longo do suroeste de a península de Kenai. Os barcos regresaron a San Blas o 21 de novembro de 1779. Durante o seu servizo en San Blas, Mourelle viaxou extensivamente a través do océano Pacífico. Visitou Tonga en 1781 e tamén estaba familiarizado con as illas Filipinas e Cantón, China. Mourelle estaba ao mando de a Mexicana nunha expedición en 1792 para explorar o estreito de Xeorxia, pero Alessandro Malaspina puxo un dos seus propios oficiais, Cayetano Valdés, á fronte da nave. Dionisio Alcalá Galiano ía ao mando de a Sutil, a compañeira xemelga de a Mexicana.

Mourelle foi trasladado a España en 1793. Foi ascendido a capitán de fragata en 1799, a capitán de buque en 1806 e a comodoro en 1811. Ordenaba un escuadrón en 1818 que ía sufocar unha rebelión no Río da Prata, pero a empresa nunca se puxo en marcha. Mourelle morreu o 24 de maio de 1820, á idade de 69 anos. A Illa Maurelle, no arquipélago canadense das Illas Discovery, na costa meridional de a Columbia Británica, foi nomeada na súa honra.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

É por todo iso que elevo ao Pleno a seguinte **PROPOSTA**

Primeiro.- Declarar 2020 como Bicentenario de Francisco Antonio Mourelle de la Rúa, Almirante Mourelle, insigne cormelán e pontecésán.

Segundo.- Nomear e facultar ao Alcalde e á concelleira de turismo, responsables da execución do acordo, para involucrar ás asociacións de Corme, e á sociedade civil en xeral, na organización dos eventos conmemorativos.

O Sr. Alcalde pregunta se algún voceiro quere intervir, pide a palabra o Sr. García Cotelo e di que a casa de Mourelle está en Corme, nun estado de abandono e podemos e queremos que se fagan as xestións para a súa adquisición polo concello, xa que consideramos que sería un bo xesto de cara á conmemoración que se pretende. Por outra banda, creo que se debera incluír no acordo ás institucións militares, ao igual que as civís, dado que Mourelle foi Almirante da Armada.

O Sr. Alcalde manifesta que tivo moitas demandas de colectivos sociais de Corme para levar adiante esta iniciativa e que a moción nos seus termos está pactada con todos eles, e ano non haber máis intervencións dá por rematado o debate.

Sométese a votación a proposta de acordo, co seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), os concelleiros/as dos G.M. do PSdeG-PSOE e APIN.

Votos en contra: Dous (2), os concelleiros/as do G.M. de P.P., Sr. García Cotelo e Sra. Martínez Calvo.

Abstencións: Un (1), a concelleira do G.M. do P.P., Sra. Carrillo Aguiar.

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, ACORDA:

Primeiro.- Declarar 2020 como Bicentenario de Francisco Antonio Mourelle de la Rúa, Almirante Mourelle, insigne cormelán e pontecésán.

Segundo.- Nomear e facultar ao Alcalde e á concelleira de turismo, responsables da execución do acordo, para involucrar ás asociacións de Corme, e á sociedade civil en xeral, na organización dos eventos conmemorativos.

O Sr. Alcalde pregunta aos voceiros dos Grupos Municipais se teñen algunha outro asunto que someter ao Pleno, e o concelleiro Sr. Pose Verdes, de APIN-SON, pide a palabra e expón que vai presentar dúas mocións para someter á consideración do Pleno.

"MOCIÓN PARA A BAIXADA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES NO CONCELLO DE PONTECESO
Moción que presenta José Manuel Pose Verdes, voceiro do Grupo APIN-SON do Concello de Ponteceso para a súa inclusión na orde do día do Pleno do día 27 de xaneiro para o seu debate e aprobación, para a baixada do imposto sobre bens inmobles ao amparo do establecido pola Lei 7/1985, de dous de abril, reguladora das bases do réxime local e o Real Decreto 2568/1986, do 29 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 97.3

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Debido á situación actual, con importantes dificultades económicas para as familias, circunstancia agravada polas sucesivas subidas de taxas e impostos. Dada a importante perda de poboación acentuada nos últimos anos e entendendo que son necesarios incentivos para que os vecinos e veciñas sigan a vivir en Ponteceso é polo que presntamos a seguinte

MOCIÓN

O Grupo APIN-SON do Concello de Ponteceso presenta para a súa aprobación polo Pleno do Concello os seguintes acordos:

1º.- Rebaixar o tipo de gravame do IBI, tanto rústico como urbano, ao mínimo que marca a lei, o 0,4 %.

2º.- Bonificar nun 90% no pago do IBI ás familias sen ingresos ou con risco de exclusión social."

Sométese a votación a urxencia da moción e proposta de acordo presentado co seguinte resultado:

Votos a favor: Dous (2), os concelleiros/as do G.M. de APIN.

Votos en contra: Oito (8), os concelleiros/as do G.M. do PSdeG-PSOE.



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Abstencións: Tres (3), os concelleiros/as do G.M. do PP.

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, rexeita declarar a urxencia da moción e a súa inclusión na orde do día.

“MOCIÓN PARA A BAIXADA DO IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓNS E OBRAS (ICIO) NO CONCELLO DE PONTECESO

Moción que presenta José Manauel Pose Verdes, voceiro do Grupo APIN-SON do Concello de Ponteceso para a súa inclusión na orde do día do Pleno do día 27 de xaneiro para o seu debate e aprobación, para a baixada do imposto sobre bens inmobles ao amparo do establecido pola Lei 7/1985, de dous de abril, reguladora das bases do réxime local e o Real Decreto 2568/1986, do 29 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 97.3

EXPOSICIÓ DE MOTIVOS

Estamos perdendo poboación dun xeito alarmante e o Concello debe facer todo o posible para que as familias xóvenes se decidan a quedar en Ponteceso, entendemos que unha boa forma de incentivar a estas familias é unha rebaixa do ICIO para que o comezo dun proxecto de vida sexa máis que o pago dun imposto tremendamente inxusto xa que é a mesma porcentaxe o pago para amañar unha cuberta porque chove que a ampliación dun parque eólico, polo que presentamos a seguinte

MOCIÓN

O Grupo de APIN-SON do Concello de Ponteceso presenta para a súa aprobación polo Pleno do Concello o seguinte acordo:

1º.- Rebaixar o tipo de gravame do ICIO do 4% ao 2%.”

Sométese a votación a urxencia da moción e proposta de acordo presentado co seguinte resultado:

Votos a favor: Dous (2), os concelleiros/as do G.M. de APIN.

Votos en contra: Oito (8), os concelleiros/as do G.M. do PSdeG-PSOE.

Abstencións: Tres (3), os concelleiros/as do G.M. do PP.

Polo que o Pleno, por maioría absoluta, rexeita declarar a urxencia da moción e a súa inclusión na orde do día.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

8.1.- ROGOS

O Sr. Alcalde ao non haber rogos presentados por escrito coa antelación suficiente que sinala o Regulamento Orgánico Municipal, pregunta se algún Grupo Municipal desexa formular algún rogo, e ao non se presentar ningún pasa ás preguntas.

8.2 PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en primeiro lugar dá resposta ás preguntas formuladas polo voceiro Sr. García Cotelo no último Pleno ordinario, celebrado o día 25-11-2019:

En primeiro lugar as formuladas polo concelleiro Sr. García Cotelo, voceiro do G.M. do PP, e que foron as seguintes:

¿Cando vai amañar o cruceiro de Cores que leva moito tempo tirado?

- Responde que nesta data xa está amañado.

En Pazos temos vinte casas sen número, polo que se lle crean moitos problemas con Correos aos veciños,

¿Cando vai facer isto?

- Vaise facer de xeito inmediato un contrato menor para proceder á numeración de todas as casas sen número.

As vivendas dos mestres están baleiras, ¿Non ten as bases? ¿Cando vai facelo?



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

- Acaba de entrar en vigor o Orzamento Municipal de 2020 e hai crédito previsto para proceder á adxudicar o subministro de mobiliario e equipamento, cando estea entregado procederase á convocatoria e aprobar as bases reguladoras para a súa adxudicación a familias con necesidades.

En segundo lugar as formuladas polo concelleiro Sr. Pose Verdes, voceiro do G.M. de APIN, e que foron oas seguintes:

¿Como é posible que continúe perdendo subvencións? A última que vin foi a do Fondo de Compensación Ambiental, concedida desde abril, e perdeu máis de 20.000 euros, o tema de Turismo coa caseta da praia de Osmo, danlle a subvención e non a quere, o mesmo que as vivendas sociais.

- O Sr. Alcalde dí que non considera que sexa unha pregunta e polo tanto non vai ter resposta.

¿Cando vai licitar os seguros, a telefonía, a electricidade, a limpeza viaria, os xardíns, etc..?

- Vánse licitar todos os subministros e servizos, como ben sabe todo leva o seu tempo pero podo asegurarlle que pouco a pouco iremos aprobando expedientes de contratación e adxudicando todos consonte á lei.

O Sr. Alcalde pregunta aos voceiros dos Grupos Municipais se desexan formular algunha pregunta, que ao non ser formuladas por escrito no prazo que sinala o Regulamento Orgánico Municipal, serán contestadas no vindeiro Pleno ordinario.

O Sr. Pose, voceiro do G.M. de APIN, presenta verbalmente as seguintes preguntas:

O BNI, organización global asentada como "networking empresarial", engloba a profesionais de negocios que se axudan mutuamente para facer crecer os seus negocios a través do seu compromiso co seu principal valor, gañar dando. ¿Alcalde, vostede que empresa ten? Como pode ser que o concello pagara a cota de 998 euros para que o alcalde sexa membro da organización. A intervención e a secretaría saben de que vai esta organización?. Voulle poñer un exemplo, son o alcalde de Ponteceso ¿A quen lle compra vostede os chourizos?.

¿Como están os contratos dos empregados do GES? ¿É certo que Rubén Pérez volve a ser o coordinador?. Fágolle a pregunta polas veces que houbo que aguantalo a vostede con este tema do coordinador na pasada lexislatura, houbo que aceptar todas as propostas contra o Sr. Rubén Pérez e agora, ¿volve a ser o coordinador?.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás vinte horas e corenta e oito minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretario accidental, asinandoa xunto co Sr. Alcalde.

O alcalde-presidente

O secretario accidental

Asdo.: Xosé Lois García Carballido.

Asdo.: Emilio Caínzos Quintás